



Medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, aprobadas en Consello escolar a 15 de novembro de 2023, para a súa incorporación nas NOF e Plan de convivencia.

### **Medidas de corrección de comportamentos sexistas**

Medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

As condutas contrarias à convivencia por razón de xénero, serán consideradas, no marco dunha conduta leve ou grave, isto é, dun procedemento disciplinario, como un agravante, que precisen de medidas reeducativas e reparadoras concretas, sen prexuízo doutras que podan tomarse:

- petición de escusas á persoa ofendida e reparación do dano no posible.
- realización de tarefas escolares ou actividades que contribúan á reflexión e o coñecemento en materia de igualdade e respecto da diversidade: o sexismo, consecuencias, tipos, comportamentos, a misoxinia, a transfobia, roles de xénero, prexuízos,...
- suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias, especialmente, si teñen un marcado carácter lúdico, polo período máximo determinado na lei.
- colaboración en actividades coa persoa responsable de Igualdade do centro: colaborar na realización de actividades coeducativas. Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGTBI etc.).
- coñecemento do Plan de igualdade do centro e realización dalgunha tarefa vinculada a dito Plan.
- participación, durante horario lectivo, en obradoiros, charlas ou talleres que tiveran lugar no centro, en materia de igualdade ou convivencia.